

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 15 DE MAIO DE 2020

Ás 09:30 horas do día 15 de maio de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 6, 9 e 10)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste ao punto 7)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

6.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Resoltos os problemas técnicos producidos na sesión do 7 de maio de 2020 polo soporte técnico da Plataforma de Contratos do Sector Público, procédese pola Secretaría e a Presidencia, en acto público, á apertura dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Nº de horas ofertadas a maiores das esixidas no PPT (30 horas)
1	ALDEXTRA BUSINESS & TECHNOLOGY, S.A.	107.662,17	20h
2	DACARTEC SERVICIOS INFORMATICOS, S.L.U.	118.086,08	1h



	Licitador	Prezo	Nº de horas ofertadas a maiores das esixidas no PPT (30 horas)
3	INFORHOUSE, S.L.	116.753,90	90h

Asisten á apertura D. Carlos Lorán, con DNI **.90.78*, en representación de INFORHOUSE, S.L. e D^a. María Jesús Artes de Arcos Raventos, con DNI **.41.82*, en representación de ALDEXTRA BUSINESS & TECHNOLOGY, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 6 de maio de 2020, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CÍES ATLÁNTICO, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que na sesión do 7 de maio de 2020 se concedeu un prazo de tres días a BILBOMATICA, S.A. para que puidera presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP. Durante o prazo concedido, o 11 de maio de 2020, o licitador presentou a documentación requirida.

A continuación, entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:47	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA148-EHB42B-D8C4A1-KCDFW5-PBFX8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Electrónica o 8 de maio de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe complementario de data 12 de maio de 2020 no que se aclara que ningunha das ofertas incorre en presunción de anormalidade. A Mesa, por unanimidade, acepta ambos os dous informes.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 8 de maio de 2020 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación, así como o informe complementario de data 12 de maio de 2020 no que se aclara que ningunha das ofertas incorre en presunción de anormalidade. A Mesa, por unanimidade, acepta ambos os dous informes.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.	77,50
2	BILBOMATICA, S.A.	73,11

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. (B-70.007.869), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:47	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA148-EHB42B-D8C4A1-KCDFW5-PBFX8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U	100,00
2	EDNON, S.L.	63,57

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U (B-62.758.602), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:47	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA148-EHB42B-D8C4A1-KCDFW5-PBXFX8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xaneiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto reservado a Empresas de Inserción (Disp. Adic. 4ª e 48ª LCSP), do programa coidadores de barrio do servizo de Benestar Social do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, o Prego de Prescricións Técnicas (13.12.2019; trámite nº 45), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (22.01.2020; trámite nº 157) e a demais documentación necesaria.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (1.079.999,98€, IVE incluído), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310. 2279902 programa inserción laboral e a súa bolsa de vinculación dos orzamentos municipais, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

2020: 359.999,99€.
2021: 539.999,99€.
2022: 180.000,00€.

CUARTO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de abril de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) (194.221-301) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:47	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA148-EHB42B-D8C4A1-KCDFW5-PBFX8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Puntuación total
1	E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U.	85 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., o día 29 de abril de 2020, que presenta a documentación requirida o 11 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por E.I.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:47	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA148-EHB42B-D8C4A1-KCDFW5-PBFX8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



CORMO INTEGRAL S.L.U., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 14 de abril de 2020 e co acordo adoptado pola Mesa de Contratación, na sesión do 28 de abril de 2020, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula en aplicación da cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a E.I.L. CORMO INTEGRAL S.L.U. (B-36.952.166) o procedemento aberto para a contratación do servizo de prestación do programa de coidadores de barrio do Servizo de Benestar Social do Concello de Vigo reservado a empresas de inserción (disposicións adicionais 4ª e 48ª da LCSP) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 1.060.070,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 96.370,03 euros.
- b) Comprométese a contratar 1 coidador/a de barrio a maiores do mínimo esixido no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 03:47	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA148-EHB42B-D8C4A1-KCDFW5-PBXFX8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		